

ÁREA DE
SERVIZOS XERAIS

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 3098 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

INFORME:

ASUNTO: Adxudicación e autorización de gasto a favor de **Excavaciones y obras Melchor, S.L.** (B-70336482) para a realización da obra de **Renovación de pavimento no Camiño Lagos.**

Antecedentes

1.- O 26 de febreiro de 2015, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación da obra de **Renovación de pavimento no Camiño Lagos.** Na mesma resolución acordou aprobar a memoria valorada redactada, en virtude do correspondente contrato menor de servizo de decembro de 2014. Na memoria se describe o obxecto do contrato, cun orzamento base de licitación de 18.273,32 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 1 mes.

Consta no expediente informe sobre a conveniencia e idoneidade da execución da obra de data 20 de febreiro de 2015, acta de replanteo pertinente asinada polo enxeñeiro técnico municipal, D. Julio Carrasco Rodríguez, con data 25 de febreiro de 2015, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender o gasto mediante documento contable RC de data 9 de marzo de 2015.

2.- O 12 de marzo de 2015 se publica no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do réxime de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 17 de marzo de 2015.

3.- Na sesión pública do 23 de marzo de 2015, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas, en atención ao criterio fixado no anuncio, foi a presentada pola mercantil Excavaciones y obras Melchor, S.L., por un importe de 13.323,08 euros (IVE incluído). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o 24 de marzo de 2015.

4.- O 24 de marzo de 2015 se require por correo electrónico a dito licitador para que presente no prazo de cinco días hábiles como máximo, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións para contratar coa Administración sinalada no punto 15 do anuncio (consta a recepción do correo polo licitador o 24/03/2015); documentación que presenta en data 30 de marzo de 2015 (doc. nº 150037306) -dentro do prazo sinalado-.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O presente contrato ten a consideración de Contrato menor de obras definido nos arts. 6, 23.3, 89.2, 111, 138.3 e 156.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tamén é de aplicación as Instrucións do Concelleiro delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación de 20 de febreiro de 2015, sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor.

Segundo.- Resultou que a oferta economicamente mais vantaxosa para a Administración contratante, de conformidade co criterio fixado no anuncio que rexeu a licitación, é a formulada por **Excavaciones y obras Melchor, S.L.**

Terceiro.- Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores correspóndelle ao Concelleiro delegado (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, sobre delegación de atribucións, e Base 31ª das de Execución do Orzamento).

Á vista do exposto faise a seguinte



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2015 12:12 Páxina 1 de 2

Expediente 3098/440

Código de verificación: 22EB3-4C3AC-4AD83-C54B4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de Renovación de pavimento no Camiño Lagos" á mercantil **Excavaciones y obras Melchor, S.L.**, por un importe total de 13.323,08 euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 26 de febreiro de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **13.323,08 euros** (Base imponible 11.010,81 €, tipo IVE 21%, importe IVE 2.312,27 €) para a realización das obras de Renovación de pavimento no Camiño Lagos, a prol da empresa **Excavaciones y obras Melchor, S.L.**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006	15153206	13.323,08	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal, D. Álvaro Crespo Casal e como director facultativo da obra ao Enxeifeiro Técnico Municipal, D. Julio Carrasco Rodríguez.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

Vigo, na data da sinatura electrónica


O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

Conforme,

A Concelleira Delegada de Economía e Facenda

M^a Carmen Silva Rego

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2015 12:12	Páxina 2 de 2
	Expediente 3098/440	Código de verificación: 22EB3-4C3AC-4AD83-C54B4	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 3098 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

DECRETO

De acordo co sinalado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este Concello ostenta competencias propias en materia de "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" (artigo 25.2.df).

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985 e Resolución de delegación da Alcaldía-Presidencia de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014) e de conformidade coa proposta do Xefe da Área de Fomento do 31 de marzo de 2015, conformada pola Concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, **RESOLVO:**

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de Renovación de pavimento no Camiño Lagos" á mercantil **Excavaciones y obras Melchor, S.L.**, por un importe total de 13.323,08 euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 26 de febreiro de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **13.323,08 euros** (Base imponible 11.010,81 €, tipo IVE 21%, importe IVE 2.312,27 €) para a realización das obras de Renovación de pavimento no Camiño Lagos, a prol da empresa **Excavaciones y obras Melchor, S.L.**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006	15153206	13.323,08	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal, D. Álvaro Crespo Casal e como director facultativo da obra ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Julio Carrasco Rodríguez.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.

7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

AC/ec

Vigo, na data da sinatura electrónica

O/A CONCELEIRO/A-DELEGADO/A.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2015 12:12

Páxina 1 de 1

Expediente 3098/440

Código de verificación: 2CE43-4C4AD-43DD3-B842B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>